RESUMO

DEFINICIÓN DE URBANO

- Considérase urbano en España a aquel concello que supere os 10.000 habitantes. Este criterio **cuantitativo** pode criticarse e non é un criterio que se acepte universalmente. O criterio cuantitativo compleméntase con outros **cualitativos** como son o seu aspecto **morfolóxico**, as **actividades** ou **funcións** que predominan (actividades terciarias e secundarias), as características **sociolóxicas** que o diferencian do mundo rural e a **influencia territorial** que se expande máis alá da propia cidade.

MORFOLOXÍA URBANA

- O aspecto externo que presenta unha cidade denomínase morfoloxía urbana e está constituído pola **localización**, **situación**, **plano**, **trama** e os **usos do solo**.
- A **localización** é o espazo onde está asentado un núcleo urbano. A **situación** é a posición dunha cidade en relación ao seu contorno xeográfico.
- Existen diferentes tipos de **plano**. Os máis destacados son o **plano irregular** (propio do casco histórico) e o **regular** onde nos atopamos co **ortogonal** e **radiocéntrico**.
- A **trama** pode ser **pechada** (formando mazás compactas) ou **aberta** (bloques ou vivendas unifamiliares). O tipo de edificación pode ser individual ou colectivo.
- Os **usos do solo** poden ser residencial, industrial, comercial ou equipamentos.

PROCESO DE URBANIZACIÓN

- A concentración progresiva da poboación e das actividades económicas (principalmente terciario e secundario) o coñecemos como proceso de urbanización. Este fenómeno cobrou moita importancia coa **revolución industrial** cando a cidade manterá un papel hexemónico sobre o conxunto do territorio. As etapas do proceso de urbanización son tres: **cidade preindustrial**, **cidade industrial** e **posindustrial**.
- A **cidade preindustrial** nace na Idade Antiga e estará presente no mundo occidental ata mediados do s. XIX. A urbanización é modesta. Só un 10% da poboación vive en cidades. As súas funcións son rectoras dun contorno rural que administran en gobernan (militar, político-administrativa e comercial).
- Diferéncianse varias etapas:
- **Antigüidade** á **romanización**: consérvase no casco antigo dalgunhas cidades (ademais de restos arqueolóxicos) o plano ortogonal da época romana con dous eixos xerárquicos (cardo e decumanos) que se cruzan perpendicularmente no antigo foro.
- **Idade Media**: atopamos en España dous modelos de cidade no seu casco antigo: a **cidade musulmá** cun plano urbano irregular de rúas estreitas e labiríntico. Aparece un espazo público: a **medina** onde se atopa a mesquita principal e o zoco. Tamén atopámonos con **arrabaldes**. A **cidade cristiá** tamén está constituído por un plano irregular de rúas sinuosas e estreitas. Ten unha estrutura radial con círculos concéntricos que se pecha cunha muralla. O **camiño de Santiago** impulsou o desenvolvemento urbano creando vilas cun desenvolvemento lineal.

- Ao longo do **Renacemento** e **Barroco** (XVI e XVII) consérvase, polo xeral, o mesmo trazado viario con escasas rectificacións e ampliacións. Aparece algunha novidade como é a **praza maior** pechada formando unha cuadrícula. Fórmanse cidades de nova pranta, principalmente en Hispanoamérica, con trama en forma de taboleiro de damas.
- O **reformismo borbónico** e as **ideas ilustradas** serviron para impulsar novas formulacións urbanistas con criterios de ordenación e racionalización do espazo urbano: novas vilas con plano ortogonal (barrio da Magdalena de Ferrol), novas viarias (Paseo do Prado de Madrid), plans de colonización...
- **Cidade industrial** (mediados do XIX ata 1975). É o momento da grande expansión urbana impulsado polos cambios administrativos (aparición das capitais provinciais) pero sobre todo polo **proceso de industrialización** que leva a maioría da poboación a vivir en cidades. O impulso do crecemento urbano darase no século XX a partir da década dos sesenta. Existen importantes transformacións morfolóxicas que modifican e amplían o espazo anterior.
- **Cidade posindustrial**. A partir dos anos oitenta do século XX, os usos secundarios deixan de ter peso na cidade para predominar a actividade terciaria. A cidade expándese cara o seu contorno crease a **cidade difusa**.

ESTRUTURA URBANA

- Chamamos **estrutura urbana** á relación entre o urbanismo, as funcións económicas e sociais que se crean no interior do espazo urbano entre as distintas partes que compoñen a cidade. Composta, no caso de cidades históricas, de sucesivas zonas habitualmente agregadas de forma concéntrica a partir da localización dun núcleo inicial onde se fundou la cidade. As transformacións tecnolóxicas e sociais modificaron e modifican a cidade.
- Estas alteracións prodúcense no casco antigo, nos novos ensanches, nas barriadas obreiras, nos novos barrios periféricos e nas aglomeracións que se forman no seu contorno exterior.
- Nos **cascos antigos** as modificacións no **plano** que se producen durante as etapas industrial e posindustrial consistiron principalmente no **derribo de murallas** (na maioría dos casos), **novos aliñamentos** e **creación de grandes vías**. Nos anos sesenta, na maioría das cidades españolas, houbo unha forte destrución do espazo edificado. Na **trama** incrementouse o volume e altura. Nos **usos do solo** avanzouse cara unha progresiva terciarización na que aparece en moitos casos o distrito central de negocios e **socialmente** téndese cara unha dualidade social en distintos sectores deste espazo (**xentrificación** e **marxinalidade**). Na actualidade téndese a facer unha rehabilitación integrada (física, social e funcional) deste sector urbano.
- O **ensanche** nace coa expansión urbana ligada a industrialización na segunda metade do século XIX. De trazado viario ortogonal, con uniformidade e ordenamento de fachadas. Con criterios hixienistas e racionalistas. Neste sector asentáronse as clases medias-altas non resolvendo o problema da clase obreira en expansión. Na actualidade consérvase o **plano** pero a súa **trama** densificouse e medrou en altura. Predominan os usos terciarios (implantación do CBD) que desprazan os usos residenciais. Sigue asentándose a clase media-alta.
- As **barriadas obreiras** localízanse xunto as principais vías de acceso, perto dos portos, das estacións de ferrocarril e fábricas. Mal planificados con ausencia de equipamentos e servizos. Na actualidade sufriron importantes remodelacións e transformacións. Os núcleos fabrís foron desmantelados e ocupados por usos

terciarios (centros comerciais, recreativos, campus universitarios...) ou novas áreas residenciais. As antigas áreas residenciais foron remodeladas e revalorizadas. Nos sectores menos accesibles mantense a degradación e marxinalidade social.

- **Barrios xardín**: nacidos pola divulgación de ideas hixienistas, urbanismo utópico difundido polos proxectos de Howard en Inglaterra **cidade xardín** satélites de desconxestión da cidade industrial. Impulsada pola lei de casas baratas (1911) para asentar a clase obreira. Ocupado na actualidade pola clase media-alta. Outros usos: terciario asistencial, educativo e recreativo. A **cidade lineal** foi outro, deseñado por Arturo Soria, foi un intento dun urbanismo desconxestinado e utópico.
- **Barrios residenciais da periferia**: medraron moito a partir do éxodo rural de finais dos cincuenta e principios dos oitenta. Atopámonos con varios modelos: **barrios marxinais de infravivendas, barriadas de vivendas de promoción oficial, barrios sen planificar** (mancha de aceite), **polígonos de vivenda** de promoción pública e privada planificados mediante criterio de zonificación.
- Dende principios dos **oitenta** desenvólvense novos modelos de uso residencial como o **quinteiro pechado** e urbanización de **vivendas exentas e acaroadas** na periferia que dan lugar á cidade difusa aos que hai que sumarlle as **áreas industriais** e de **equipamento** na periferia.

FUNCIÓNS URBANAS

- Modelo multifuncional onde predominan as actividades terciarias e secundarias. A maior tamaño, maior especialización nos servizos.

AGLOMERACIÓN URBANA. A CIDADE DIFUSA

- A cidade expándese cara ao exterior xerando as **áreas metropolitanas** estas están formadas por unha **cidade central** rectora, unha **área de influencia** que se vai difuminando e dispersando cara o exterior e que mantén importantes relacións diarias coa cidade central, **rede de comunicación** (estrada ou ferroviaria) importante pola que se establecen os movementos pendulares diarios, **heteroxeneidade social**, importante **número de habitantes** (superior aos 250.000). **Coroas concéntricas** e **radiais** ao redor do núcleo central. Por tamaño e xerarquía, en España, hai tres tipos de áreas metropolitanas: **nacional**, **rexional** e **subrexional**.
- Modelos de aglomeración son as **conurbacións** (fusión de dúas cidades de tamaño similar), **rexión urbana** (área urbana moi ampla e descontinua en forma de nebulosa) e **megalópole** (área urbana que integra a moitas áreas metropolitanas, conurbacións e rexións urbanas). O exemplo máis importante en España está situado no litoral mediterráneo.

SISTEMA URBANO ESPAÑOL (XERARQUÍA E REDES URBANAS)

- O sistema urbano español vertébrase sobre dezaseis aglomeracións urbanas que superan os 500.000 habitantes.
- **Madrid** e **Barcelona** contan con **máis de 3.000.000 de habitantes** (reúnen o 20% da poboación española). Madrid ocupa o primeiro con 5.500.000 de habitantes e Barcelona os 3.000.000. As dúas configuran un **sistema bipolar**. Forman o primeiro rango xerárquico e poden considerarse **metrópoles globais** ou **nacionais**
- As **metrópoles rexionais** son un **segundo nivel xerárquico** están representadas por cinco aglomeracións: Valencia, Sevilla, Bilbao, Málaga e Zaragoza. Cunha poboación comprendida entre o 1.750.000 e 750.000 habitantes. Boas

comunicacións, funcións diversificadas e servizos especializados. A súa área de influencia abarca unha extensa rexión e manteñen unha forte ligazón coas metrópoles globais ou nacionais.

- As **metrópoles subrexionais** ou **rexionais de segundo orde** (**terceiro nivel xerárquico**) son pequenas áreas metropolitanas como Vigo, A Coruña, Oviedo, Valladolid, Palma de Mallorca, Alacant... Cunha aglomeración en torno aos 700.000 e 250.000 habitantes. Igual que as metrópoles rexionais teñen funcións diversificadas e servizos especializados pero a súa área de influencia é menor que unha metrópole rexional.
- Por debaixo deste nivel están as **cidades medias** (cuarto nivel xerárquico) que comprende cidades entre 200.000 e 50.000 habitantes. Nun quinto nivel xerárquico están as capitais comarcais (en torno aos 10.000 e 50.000 habitantes).
- A **rede urbana** está vertebrada por **eixes** ou **áreas** que son o **eixe mediterráneo**, **Ebro**, **cantábrico**, **atlántico**, **andaluz, Madrid** e **arquipélagos**.
- España intégrase na rede urbana europea a través do eixo mediterráneo que se liga ao centroeuropeo.

PROBLEMA URBANO

- A cidade ten unha serie de problemas que están ligados á súa aglomeración e **densificación demográfica**, **excesiva terciarización**, **sociais** e **problemas ambientais**.
- Os **axentes sociais** son creadores e produtores do espazo urbano. Ás veces existe conflito entre eles
- A **planificación urbana** é a norma que debe solucionar os problemas que a cidade xera.

SISTEMA URBANO EN GALICIA

- A **expansión urbana** foi **tardía**. Desenvólvese fortemente a partir dos anos sesenta do século XX.
- Existe un **forte desequilibrio** entre as provincias occidentais (**eixe atlántico**) (60% da poboación e 80% da renda) e do interior.
- Dúas **metrópoles subrexionais** (Vigo e A Coruña), cinco cidades medias (Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol), cabeceiras comarcais e vilas configuran o sistema urbano galego.